



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR


CONVOCATORIA RENOVACIÓN PARCIAL

De conformidade co indicado na RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG nº 180 do 18 de setembro do 2024), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme ao establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) corresponde elixir no presente proceso electoral a **dúas/dous alumnas/os**.
2. Son electoras/es todo o alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir desta data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **14:00 horas do día 11 de novembro**, na secretaría do centro.
3. Son elixibles o alumnado que formule a súa **candidatura oficial** segundo o modelo que se facilitará na Secretaría. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día **11 de novembro de 2024**.
4. A **campaña electoral** comprenderá dende o **12 ao 17 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 18 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
5. A **mesa electoral** estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, e dúas/dous alumnas/os designados por sorteo o **día 12 de novembro ás 10:00h**, actuando como secretaria/o a/o alumna/o de menor idade.
6. Cada alumna/o fará constar na papeleta das eleccións un máximo **dunha candidatura**.
7. O voto será directo, secreto e non delegado.
8. As eleccións do sector do Alumnado realizaranse o **martes 19 de novembro de 2024**: o profesorado que teña clase na primeira hora subministrarlle as papeletas ao alumnado, que estarán dispoñibles na sala de profesorado. Ao longo da mañá a mesa electoral pasará polas aulas para levar a cabo a votación.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
10. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

IES BEADE, 28 de outubro do 2024

A directora do Centro e presidenta da Xunta Electoral,



Asdo.: Liliana Saco Álvarez

